



# REGULAMENTO

## XXVI CAMPEONATO GALEGO DE INVERNO

XXIII LIGA XUNTA DE GALICIA- 8º MEMORIAL XACINTO REGUEIRA  
XV COPA GALEGA DE PISTA  
TEMPADA 2010

### ORGANIZACION

A organización e execución técnica do XXVI Campeonato Galego de Inverno corresponde á Federación Galega de Piragüismo e ao Concello de Castrelo de Miño que actuarán a través dos seus órganos executivos.

### LUGAR, DATA E HORA

Encoro de Castrelo de Miño (Ourense). O sábado, **dia 6 de Marzo de 2010** a partir das 10,00 horas.

### PARTICIPACION

A participación estará aberta a todos os clubs de Galicia que cumpran os requisitos establecidos en cada unha das regatas puntuables e as normas aprobadas pola Asemblea da F.G.P. sobre afiliacións a clubs e deportistas da tempada 2010.

Todos os padexeiros e clubs galegos, para poder participar nesta competición deberán de estar en posesión da licenza federativa actualizada para a tempada 2010.

NON se permitirá a participación de clubs de fora de Galicia nos distintos Campionatos Galegos a celebrar na presente tempada 2010.

### CATEGORIAS

Kayakistas Homes .....	Seniors, Juniors, Cadetes
Kayakistas Mulleres .....	Seniors, Juniors, Cadetes
Canoistas Homes .....	Seniors , Juniors, Cadetes
Canoistas Mulleres.....	Juniors e Cadetes

### INSCRIPCIONS

Serán feitas a través da **web da Federación** (coas claves entregadas a cada club) ou ben por e-mail : [kayak-canoa@fegapi.org](mailto:kayak-canoa@fegapi.org) , correo, fax (986-851108) ou entregadas en man, na sede oficial da Federación sita en: C/ Italia, 35 Monteporreiro 36162 PONTEVEDRA.



As mesmas deberán de estar en posesión da Federación antes das 20,00 Horas do día 26 de febreiro de 2010 (venres) si son entregadas personalmente na FGP, e o día 28 de febreiro (domingo) si son enviadas por fax, mail ou feitas a través da web da Federación. Cada club poderá inscribir o número de padexeiros que considere oportunos por modalidade e categoría.

**Os deportistas so poderan participar nunha categoría e modalidade (kayak ou canoa) en cada competición.**

#### ANULACIONES E BAIXAS

As anulacións e modificacións ás inscricións realizaranse de 09,00 a 09,45 horas do día da regata.

#### EMBARCACIONES

Serán en embarcacións individuais : K-1 e C-1.

Todas as embarcacións deberán ir provistas de sistemas de flotabilidade establecidos nos regulamentos, así como levar o correspondente portatabilllas para a colocación da tabillla coa pegatina coincidente en número co dorsal ou pegatina entregado.

Así mesmo, todas as embarcacións deberán axustarse ás medidas e pesos establecidos nos regulamentos.

**HABERÁ PESAXE EN TODAS AS COMPETICIONS PUNTUABLES PARA O XV GRAN PREMIO DE PISTA-2010.**

#### DISTANCIAS

A distancia a percorrer será de 5.000 m. para todas as categorías e modalidades do presente Regulamento.

#### SANCION POR NON PARTICIPACION

Por cada embarcación non anulada e que non pase o oportuno control de saída, ademáis de considerarse como non participante, sancionáse o club infractor coa cuantía de **dez euros (10 €)**.

De igual forma, un club que realice a inscrición previa unha regata e logo non tome parte na mesma, sexa cal sexa o número de embarcacións que foran inscritas con anterioridade, será sancionado con **cen euros (100,00 €)**, sempre que NON se xustifique a súa ausencia.

#### DORSAIS/PEGATINAS

Serán entregados aos clubs participantes, na torre de control, no momento de retirar a documentación da regata e realización das inscricións definitivas. Por cada dorsal non devolto descontarase ao club infractor a contía de TRINTA EUROS (son 30,00 €).



### ORDEN DE SAIDAS E HORARIOS

Estabrecese o seguinte orden de saída e horario:

1ª Saída	C1 Home Cadete C1 Muller Cadete C-1 Muller Junior	10.00 horas 10.02 horas 10.02 horas
2ª Saída	K-1 Muller Cadete	10.45 horas
3ª Saída	C-1 Home Junior	11,20 horas
4ª Saída	K-1 Home Cadete	11.50 horas
5ª Saída	K-1 Muller Junior K1 Muller Senior	12,20 horas 12.22 horas
6ª Saída	C1 Home Senior	13,00 horas
7ª Saída	K-1 Home Junior	13,30 horas
8ª Saída	K-1 Home Senior	14,00 horas
9ª Saída	Veteranos	14,30 horas

A categoría de veteranos, a pesares de non estar incluída neste Campionato como categoría en sí, puntuará como unha categoría máis tomando como referencia a clasificación por clubs do Campionato Galego de Inverno de Veteranos (sempre e cando o club participe nos dous, non serve que o club participe so en veteranos para puntuar no Campionato Galego de Inverno). A puntuación que se lle dará, será a mesma das outras categorías puntuables para o CGI (así sería o primeiro club de veteranos 110 puntos, o segundo 105, terceiro, 101,.... etc).

### PUNTUACIONES

A efectos de clasificación de clubs tomaranse os puntos alcanzados por todos os padexeiros que entren en tempo DE CONTROL, segundo establece o presente regulamento, sendo a puntuación : 1º Clasificado ..... 110 puntos , 2º ..... 105 , 3º..... 101, 4º..... 97, 5º .....96, a partir de aquí a puntuación irá decrecendo de punto en punto.

**Na manobra de aliñación, o padexeiro que non cumpra a orde dada polo Xuíz para aliñar a súa proa coa liña de aboias de saída recibirá un aviso sendo penalizado o Club do padexeiro con 5 puntos. No caso de repetirse, a infracción recibirá un segundo aviso e o seu club penalizará 10 puntos que serán acumulativos aos 5 anteriores, sendo excluído da proba polo Xuíz.**

### CLASIFICACION POR EQUIPOS

Da suma dos puntos obtidos polos padexeiros de cada club, en cada unha das modalidades e categorías, farase unha clasificación definitiva sendo proclamado vencedor o club que maior número de puntos obteña.

### PECHES DE CONTROL

Para a celebración deste CAMPEONATO existirá un Campo de Regatas que terá, un primeiro percorrido de 3.000 metros. e, posteriormente, na súa zona interior, un campo ao que se darán voltas ata completar os 5000 metros do percorrido total.



Unha vez excedido o percorrido de 3.000 m., todo padexeiro que sexa dobrado pola cabeza de carreira deberá facilitar aos competidores a manobra de adiantamento e abandonar de forma inmediata o Campo de Regatas.

O padexeiro que, ao ser excedido, non realice a manobra de abandono do Campo de Regatas será sancionado con 50 PUNTOS que serán descontados ao seu equipo no cómputo total do Control.

Sobre o tempo realizado, en cada modalidade e categoría, polo TERCEIRO PADEXEIRO establécese un TEMPO DE CONTROL a efectos de puntuacións, a partir do cal ningún padeeiro puntuará.

Os Tempos de Peches de Control establécense da seguinte forma:

<u>CATEGORIA</u>	<u>PECHE DE CONTROL</u>
SENIOR	2,30 MINUTOS
JUNIOR	2,45 MINUTOS
CADETE	3,00 MINUTOS

#### **XUICES E ARBITROS**

Os que designe para ese efecto a Xunta Directiva da F.G.P., a proposta do Comité Técnico de Arbitros.

#### **COMITE DE COMPETICIÓN**

Formarase do xeito que establecen os regulamentos vixentes na F.G.P. sendo Presidente do mesmo o Xuíz-Arbitro, Secretario o Delegado Federativo e Vocal o representante do organizador da competición.

#### **TITULOS**

Os títulos que se disputan neste Campionato Galego de Inverno serán:

A Nivel DE CLUBS : Club Gañador do Campionato Galego de Inverno, Club 2º Clasificado e Club 3º Clasificado.

A Nivel INDIVIDUAL : Gañador, 2º Clasificado e 3º Clasificado do Campionato Galego de Inverno en cada unha das modalidades e categorías que establece este regulamento.

#### **TROFEOS E MEDALLAS**

Serán entregados Trofeos aos Tres (3) primeiros clubs clasificados segundo establece o presente regulamento E medallas aos TRES (3) primeiros clasificados en cada unha das modalidades e categorías deste regulamento.



A NON PRESENZA DO GALARDOADO NO LUGAR DE ENTREGA DE TROFEOS A RECOLLER O MESMO A HORA INDICADA POLA ORGANIZACIÓN, É CAUSA DE DESCUALIFICACIÓN A TODOS OS EFECTOS, ASÍ COMO A PERDA DE PUNTOS AO CLUB AO QUE PERTENZA.

Para a recepción do trofeos nas distintas competicións precisase a presenza física dos galardonados (clubes e deportistas) que deberán personarse coa uniformidade debida no momento e lugar establecido pola organización.

**No caso de forza maior poderá ser recollido por outro membro do Club coa autorización do Xuiz Árbitro.**

#### DESEMPATES

En caso de empate a puntos entre algún equipo ao final da regata o mesmo decidirse a favor do que mellor clasificación obteña na súa primeira embarcación K-1 Senior e así sucesivamente conforme establece o Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da F.E.P.

#### NORMAS

Non se permitirá a participación de padexeiros que non estean en posesión da licenza federativa debidamente actualizada para a Tempada 2010.

Queda terminantemente prohibida a participación aos padexeiros da categoría INFANTIL, é dicir, os infantís non poderán tomar parte como Cadetes.

Para todo o que non conste no presente regulamento esta regata rexerese polas normativas da XV COPA GALEGA DE PISTA, a XXIII LIGA XUNTA DE GALICIA e polos Regulamentos e Estatutos da F.G.P. así como polo Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Real F.E.P., nos casos non previstos nos anteriores regulamentos.

A F.G.P. e o co-organizador do Control non se fan responsables dos danos que puidesen causarse ás embarcacións e demais material dos clubs participantes. Recórdase aos clubs que as embarcacións deberán axustarse ás normas de medidas, peso e flotabilidade establecidas nos regulamentos.

A participación no Control implica a aceptación das presentes normas.

Os padexeiros deberán ir provistos da vestimenta deportiva coas cores dos seus equipos correspondentes.

#### INFORMACION

Para unha maior información poderán dirixirse á F.G.P. (Italia, 35 36162 PONTEVEDRA) nos Tfnos.,986842106 e 986896537, Fax 986851108 ou no e-mail : [kayak-canoa@fegapi.org](mailto:kayak-canoa@fegapi.org) ou na páxina web [www.fegapi.org](http://www.fegapi.org).

Pontevedra, 1 de febreiro de 2010

O SECRETARIO

VºBº PRESIDENTE



## Regata: XXVI CAMPIONATO GALEGO DE INVIERNO

Embalse Castrelo Miño (Ourense) 06/03/2010

**INSCRIPCIÓN CLUB** \_\_\_\_\_

**Total deportistas inscritos:** \_\_\_\_\_

FIN PRAZO DE ENVIO DE INSCRIPCIÓN ..... 26/02/2010

### CATEGORÍA SENIOR

K-1 HOME SENIOR	DNI

K-1 MULLER SENIOR	DNI

C-1 SENIOR	DNI



## CATEGORÍA JUNIOR

<b>K-1 HOME JUNIOR</b>	<b>DNI</b>

<b>K-1 MULLER JUNIOR</b>	<b>DNI</b>

<b>C-1 HOME JUNIOR</b>	<b>DNI</b>

<b>C-1 MULLER JUNIOR</b>	<b>DNI</b>



## CATEGORÍA CADETE

K-1 HOME CADETE	DNI

K-1 MULLER CADETE	DNI

C-1 MULLER CADETE	DNI

C-1 HOME CADETE	DNI

\_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010

(sinatura e selo do club)